

# **PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2020-2021**



Este documento é propiedade do COLEXIO SAN JOSÉ DE CLUNY, quen resérvase o dereito de solicitar a súa devolución cando así o estime oportuno. Non permítese facer copia parcial ou total do mesmo, así como mostralo a empresas ou particulares sen a expresa autorización por escrito da Dirección do Centro.

Este protocolo poderá ser obxecto de revisión e modificación para a incorporación de cantas recomendacións ou instrucións sexan emitidas por las autoridades competentes

## ÍNDICE

MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA.....	4
MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL.....	9
MEDIDAS DE LIMPEZA .....	12
MATERIAL DE PROTECCIÓN .....	14
XESTIÓN DOS GROMOS .....	14
XESTION DAS PETICIÓNS DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE.....	17
MEDIDAS DE CARACTER ORGANIZATIVO .....	18
MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPAS.....	20
MEDIDAS DE USO DE COMEDOR.....	22
MEDIDAS ESPECIFICAS PARA AULAS E USO DOUTROS ESPAZOS.....	23
MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA OS RECREOS.....	25
MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL .....	28
MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA USO DE LABORATORIOS E TALLERES DE FORMACIÓN PROFESIONAL.....	28
MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE NEE .....	28
PREVISIÓNS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO.....	29
MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO .....	30

## **MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA**

### **1) Denominación do centro, enderezo e teléfonos.**

Colexio Plurilingüe San José de Cluny  
Rúa A Rosa 13 CP 15701 Santiago  
Teléfono 981592540

### **2) Membros do equipo COVID**

M<sup>a</sup> del Carmen Vázquez Crego (Coordinadora equipo Covid)

María Lavandeira Villar (Directora pedagóxica)

Pilar Taboada González (Coordinadora Covid infantil/primaria)

María Castelao Taboada (Coordinadora Covid ESO)

### **Funcións**

- ✓ Elaboración do plan de adaptación COVID para o curso 2020-21
- ✓ Elaboración do plan de continxencia, valoración e axustes que sexan oportunos.
- ✓ Comunicación co delegado de prevención e, no seu caso, co comité de empresa.
- ✓ Comunicar casos positivos e informar de contactos (EDUCOVID)
- ✓ Comunicación coa empresa de limpeza e comedor.
- ✓ Informar a todos os membros da comunidade educativa sobre as medidas de prevención da transmisión da infección, as medidas de protección que se deben empregar e as instrucións para o correcto manexo das mesmas.
- ✓ O equipo Covid informará regularmente ás familias sobre a situación no centro. Así mesmo informará detalladamente sobre a implantación do plan de adaptación Covid-19, nas reunións do Consello Escolar.

### **3) Centro de Saúde de referencia**

Ambulatorio Concepción Arenal.

### **4) Determinación do espazo de illamento COVID e dos elementos de protección que inclúe.**

O espazo de illamento está situado no andar 0 na zona de portería. Sala número 1. O espazo conta con ventilación, xel hidroalcohólico, papeleira de pedal, máscaras e panos desbotables.

5) Número de alumnos por nivel e etapa educativa.

NIVEL	Nº alumnos	Etapa
4º de Infantil (3 anos)	31	122
5º de Infantil (4 anos)	45	
6º de Infantil (5 anos)	46	
1º de primaria	50	308
2º de primaria	49	
3º de primaria	54	
4º de primaria	50	
5º de primaria	53	
6º de primaria	52	
1º de ESO	60	223
2º de ESO	57	
3º de ESO	48	
4º de ESO	58	

6) Cadro de persoal do centro educativo.

Persoal	Nº efectivos
Profesorado	42
Persoal de administración e servizos	5
Comunidade relixiosa	5

7) Determinación de grupos estables de convivencia.

Determinaranse grupos estables de convivencia nas etapas de infantil e primaria. Os grupos de convivencia serán os grupos de titorías. As aulas de referencia de cada titoría están sinaladas cun cartel enriba das portas.

Grupo	Aula	TITOR	Especialistas
4º de Infantil (3 anos)	4ºA	Adela Fraga	Inglés (Estefanía Lafuente)
	4º B	María Isabel	Inglés (Estefanía Lafuente)

<b>Grupo</b>	<b>Aula</b>	<b>TITOR</b>	<b>Especialistas</b>
5º de Infantil (4 años)	5º A	Mª Jesús	Inglés (Estefanía Lafuente)
	5º B	Alejandra	Inglés (Estefanía Lafuente)
6º de Infantil (5 años)	6º A	Raquel García	Inglés (Estefanía Lafuente)
	6º B	Cayetano Chenel	Inglés (Estefanía Lafuente)
1º de primaria	1º A	Marta Villar	Joana Fernandes, José Márquez, Alicia Aceituno, Cristina Corostola
1º de primaria	1º B	Joana Fernandes	Joana Fernandes, José Márquez, Alicia Aceituno, Cristina Corostola Miriam Rico
2º de primaria	2º A	José Márquez	Estefanía Lafuente, Alicia Aceituno, Cristina Corostola
	2º B	Estefanía Lafuente	José Márquez, Alicia Aceituno, Cristina Corostola
3º de primaria	3º A	Alberto Pereira	Alicia Aceituno, Miriam Rico, Fátima Castelao, Alberto Pena
	3º B	Alberto Pena	Miriam Rico, Fátima Castelao, Alicia Aceituno, Sonia Blanco
4º de primaria	4ºA	Alicia Aceituno	Miriam Rico, Fátima Castelao, Sonia Blanco, Emma Canitrot
	4º B	Emma Canitrot	Miriam Rico, Fátima Castelao, Alicia Aceituno, Sonia Blanco
5º de primaria	5º A	Diana López	Miriam Rico, Alicia Aceituno, Sonia Blanco, Marta Núñez, Carmen Sainz
	5 B	Marta Núñez	Miriam Rico, Alicia Aceituno, Sonia Blanco, Marta Núñez, Carmen Saínz, Diana López
6º de primaria	6º A	Sonia Blanco	Francisco Vega, María Lavandeira, Alicia Aceituno, Diana López, Pilar Taboada, Alberto

Grupo	Aula	TITOR	Especialistas
			Pena
	6º B	Carmen Sainz	Francisco Vega, Alberto Pena, Alicia Aceituno, Pilar Taboada, Sonia Blanco, Dolores Lavandeira, Diana López
AL/PT			

#### 8) Medidas específicas para os grupos de infantil e grupos estables e convivencia

Debe evitarse a interacción entre os grupos estables de convivencia respectando a distancia de seguridade.

Retírase o mobiliario non indispensable que diminúa a superficie útil da aula para tentar obter o máximo distanciamento posible cando as dimensións da aula non permitan manter a distancia de 1,5 m

Cada grupo estable de convivencia ten asignado o seu acceso, zonas de paso, de recreo, comedor, aseos etc., procurando non empregar os espazos designados a outro grupo en ningún momento.

Os grupos colaborativos de infantil nos serán superiores a 5 membros e non variarán. Manterase a distancia de 1,5 m entre eles.

Non é obrigatorio o uso de máscara pero recoméndase.

As entradas e saídas están organizadas de xeito que un profesor poda acompañar aos alumnos que non son autónomos, especialmente en 4º de infantil.

Os alumnos/as teñen un aseo diferenciado por cursos, establécense horarios para o seu uso.

Para as saídas e entradas dos recreos establécense portas diferenciadas para cada curso.

Zonificación de espazos por cursos no recreo.

Retíranse xoguetes, alfombras e materiais da aula con moitas pezas ou que sexan difíciles de hixienizar.

Terase especial atención co uso do hidroxel favorecendo o lavado de mans con xabón.

#### 9) **Canle de comunicación** (para dar a coñecer ao equipo COVID os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias de persoal non docente e profesorado e para a comunicación das familias co equipo COVID para

comunicar incidencia e ausencias).

- ✓ De 8:00 a 20h chamando ao teléfono do centro 981 592540
- ✓ Por correo electrónico [direccióngeneral@cluny.es](mailto:direccióngeneral@cluny.es)
- ✓ O persoal docente e non docente do centro educativo deberá realizar unha auto enquisa diaria de síntomas para comprobar, no caso de que haxa síntomas, que estes son compatibles cunha infección por SARSCoV-2; adoptará as medidas oportunas en función dos resultados e deberá comunicar a ausencia a coordinadora do equipo Covid.
- ✓ O alumnado, ou os seus pais/nais/titores/as legais realizarán unha auto avaliación dos síntomas (febre maior de 37,5°C, tose seca, dificultade respiratoria, dor muscular, falta de olfacto, gusto, etc.) de forma diaria a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2. Diante da aparición de, polo menos, un dos síntomas os proxenitores ou titores non enviarán ao alumno/a á clase, contactarán co seu centro de saúde de referencia nas seguintes 24 horas e comunicarán a ausencia ao equipo Covid do centro a maior brevidade posible.
- ✓ **No suposto de alumnado que poida ter a condición de vulnerable como consecuencia de patoloxías (agudas ou crónicas) que provoquen dependencia, os criterios sanitarios que rexerán asistencia a clase ou, de ser o caso, a escolarización domiciliaria serán os que recomende o médico.**
- ✓ **O centro pedirá aos proxenitores ou titores unha declaración de responsabilidade na que se comprometan a non traer aos alumnos en caso de presentar sintomatoloxía Covid ou de estar en contacto con persoas infectadas.**

#### 10) Procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado

- ✓ Alumnado: Plataforma educativa Educamos. Todas as mañás o profesorado pasará lista e anotará as incidencias do día.
- ✓ Cando un alumno/a se ausente por cumprimento do protocolo Covid non é necesario traer xustificante médico, so comunicar a ausencia.
- ✓ Persoal: aplicación informática Schooltracker.

#### 11) Procedemento de comunicación das incidencias as autoridades sanitarias e educativas.




- ✓ *Para comezar a identificación de contactos estreitos relacionados co centro educativo o antes posible, recomendase que o caso confirmado ou a persoa de referencia notifique o resultado positivo ao centro. Deste xeito, o Equipo Covid poderá comezar a recompilar a información necesaria para a identificación dos contactos estreitos.*
- ✓ *Sempre que ao Equipo Covid se lle notifique que existe unha persoa cun diagnóstico confirmado de Covid-19 no centro de ensino, deberá pórse en contacto coa Central de seguimento de contactos (CSC) para identificar os contactos estreitos do ámbito educativo a través do teléfono específico habilitado para este fin.*
- ✓ *Como ocorre con calquera outro caso confirmado de Covid, a CSC porase en contacto co caso confirmado ou coa persoa de referencia, para facilitarlle as indicacións de illamento, realizar a enquisa epidemiolóxica e identificar os contactos estreitos do ámbito persoal do caso. Durante esta enquisa epidemiolóxica identifícase ao caso confirmado como estudante ou traballador dun centro de ensino. Deste xeito, unha vez localizado o centro, a CSC envía unha notificación ao Equipo Covid, a través da aplicación EduCovid solicitando os contactos estreitos do caso que se produciran no ámbito educativo.*
- ✓ *Neste momento, se previamente non se fixo, o Equipo Covid deberá pórse en contacto coa CSC a través do número de teléfono dispoñible en EduCovid, na Axuda da aplicación, así como tamén nos apartados Equipo e Centro médico.*
- ✓ *Sempre será a CSC a que cargará a petición de contactos en EduCovid, para o que identificará ao caso coa correspondente IdOrixe. En ningún caso se notificarán contactos estreitos por medios diferentes a EduCovid.*
- ✓ *Unha vez definida a listaxe de contactos estreitos que precisan corentena, e tras ser acordada co persoal asignado da CSC, o Equipo Covid enviará a listaxe de contactos estreitos á CSC a través da aplicación EduCovid. No caso de que, conxuntamente coa CSC, non se identifiquen contactos estreitos no centro, notificarase cero contactos.*
- ✓ *Tras a aparición dun caso confirmado da Covid-19 seguiranse, en todo momento, as instrucións da Autoridade Sanitaria. A CSC encargarse da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos.*
- ✓ *En todo este proceso, esixirase extremar a confidencialidade profesional acerca da información da persoa diagnosticada da Covid. O equipo Covid de cada centro ten a obriga de segredo profesional sobre os datos sobre os que teña coñecemento por mor da aplicación do presente protocolo.*

## **MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL**

12) Croques da situación dos pupitres nas aulas ben de xeito individual ou croques xenérico que sexa reproducibles nos restantes espazos. Identificación da posición do profesorado.

Para a ordenación dos espazos escolares nas aulas tomarase en consideración o centro da cadeira onde se sitúe ao alumnado e gardarase 1,5 metros de distancia respecto dos centros das restantes cadeiras que a rodeen.

ESO: Uso de mamparas de protección cando non se poda manter a distancia de 1,5m.




Croque xenérico dunha aula de Primaria/ESO

13) Cando o tamaño da aula non permita as distancias mínimas identificación de espazos ou salas para asignar a grupos.

### REDISTRIBUCIÓN DE AULAS EN ESO

1º ESOA	Aula de 1º Primaria B EP 61, 20m <sup>2</sup>
1º ESOB	Aula de 2º Primaria A 61,20 m <sup>2</sup>
2º ESOA	Aula de 2º Primaria B 59,00 m <sup>2</sup>

 <p>COLEGIO SAN JOSÉ DE <b>CLUNY</b></p>	<b>PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2020-2021</b>	<b>PE.02.9</b> <b>Data: Set. 2020</b> <b>Pág.: 11 de 31</b>
---	---	---

2º ESOB	Aula de 1º Primaria A 61,00 m <sup>2</sup>
4º ESOA	Música 60,05 m <sup>2</sup>
4º ESOB	Biblioteca 118,40 m <sup>2</sup>

- ✓ 1º e 2 de Primaria, grupos de convivencia estable, ocuparán as clases de 1º e 2º de ESO.
- ✓ 3º de ESO queda na súa aula ao ser un grupo máis reducido.

14) **Determinación das medidas para o uso de espazos de PT e AL,** departamento de orientación ou aulas especiais do centro. Modelo de cuestionario avaliación de medidas como anexo ao Plan (pódese utilizar un semellante ao que figura no protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-21).

AULA PT: 10,80 m<sup>2</sup>

AULA AL: 10,60 m<sup>2</sup>

AULA Orientación: 18 m<sup>2</sup>

Empregaranse pantallas de protección e mamparas.

15) Realizacións de titorías coas familias.

- ✓ O medio preferente para que as familias se poñan en contacto co profesorado será o correo electrónico da plataforma Educamos, na que poden consultar os correos institucionais de cada profesor e membros do ED.
- ✓ As sesións de titoría faranse preferiblemente a través de videochamada usando a plataforma de comunicación Teams e tamén se poderá chamar por teléfono.
- ✓ Só en casos excepcionais poderanse levar a cabo reunións presenciais, atendendo ás condicións de seguridade e utilizando espazos habilitados para tal fin.

16) Canles de información ás familias e persoas alleas ao centro (provedores, visitantes, persoal do concello).

Familias: Plataforma educativa Educamos, Microsoft teams, correos electrónicos do colexio, páxina web, redes sociais e teléfono.

Persoas alleas ó centro: Correo electrónico, teléfono e páxina web.

#### 17) Uso da máscara no centro.

- ✓ O uso da máscara será obrigatorio a partir dos 6 anos de idade. Recoméndase o seu uso para o alumnado de infantil.
- ✓ O alumnado e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade.
- ✓ Os alumnos deberán levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.
- ✓ Non é obrigatorio o uso da máscara para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización. **A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a ou da persoa obrigada.**
- ✓ Recoméndase o uso de máscaras cirúrxicas ou hixiénicas. Débense utilizar segundo as súas características e vida útil. As máscaras hixiénicas deben ser lavadas a diario.
- ✓ Nas aulas e en zonas comúns do centro expóranse carteis que informen sobre o uso e a manipulación correcta das máscaras.
- ✓ O incumprimento das normas de prevención e seguridade será considerado falta e aplicarase o protocolo de convivencia do centro.

#### 18) Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa.

O plan estará a disposición da comunidade educativa na plataforma Educamos.

### MEDIDAS DE LIMPEZA

#### 19) Asignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario a limpar de xeito frecuente.

- ✓ Ventilarse a estancia que se vai limpar, como mínimo 15 minutos.
- ✓ Iniciarase a limpeza de forma habitual, baleirando papeleiras e retirando

posibles residuos de superficies e/ou chans. Quitando o po desde arriba cara a abaixo.

- ✓ O baleirado de papeleiras farase segundo a frecuencia establecida de acordo coa súa ubicación. Este baleirado farase extremando as medidas hixiénicas (o uso de luvas é obrigatorio), retirando a bolsa por completo e cambiando a dita bolsa en cada baleirado. A bolsa extraída cerrárase e introducirase directamente en sacos de lixo que se desbotarán do modo habitual.
- ✓ Reforzaranse as tarefas de limpeza en todas as estancias con especial incidencia nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos de portas e ventás, mesas, ordenadores, mobles, pasamáns, solos, teléfonos, perchas, e outros elementos de similares características.

**20) Distribución horaria do persoal de limpeza e da alternancia semanal ou mensual de tarefas.**

Unha das persoas traballadoras realizará parte da xornada pola mañá. A limpeza xeral farase pola tarde.

**21) Material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza.**

Para a limpeza utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia recién preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso destes produtos sempre se respectarán as indicacións da etiquetaxe.

O produto desinfectante virucida para limpar as superficies nas aulas de uso común é ALCOLAC Plus 4 x 5.

**22) Cadro de control de limpeza dos aseos.**

Os aseos serán limpados e desinfectados en función da intensidade do uso e, ao menos, tres veces ao día. Disporán de portapanos desbotables para o secado de mans.

A empresa de limpeza fará seguimento do cadro de control de limpeza dos aseos.

**23) Modelo de checklist para anotar as ventilacións das aulas (a colocar en cada aulas).**

Ventilación: realizaranse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións, e

por espazo de, ao menos 15 minutos ao inicio da xornada, nos recreos, ao finalizar as clases e sempre que sexa posible.

En cada aula haberá un checklist que deberá ser cuberto polas persoas encargadas de abrir as ventás segundo horarios.

#### 24) Determinación dos espazos para a xestión de residuos.

Sala preto do elevador no pavillón de ESO.

O centro distribuirá papeleiras accionadas por pedal, con tapa, para a recollida dos panos desbotable e refugallos. Recoméndase que os panos desbotables que o persoal e o alumnado empregue para o secado de mans ou para o cumprimento da “etiqueta respiratoria” sexan refugados en papeleiras ou contedores con bolsa e protexidos con tapa e, se é posible, accionados por pedal.

#### **MATERIAL DE PROTECCIÓN**

#### 25) Rexistro e inventario do material do que dispón o centro.

A administración do centro levará o rexistro e inventariado do material: Xel hidroalcohólico, máscaras, produtos desinfectantes, mamparas, luvas, pantallas, papel desbotable, etc.

#### 26) Determinación do sistema de compras do material de protección.

A administración do centro encargarse de proveer do material necesario con suficiente antelación

#### 27) Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición.

O mantedor encargarse da distribución do material e de facer seguimento do consumo para repor cando sexa necesario.

#### **XESTIÓN DOS GROMOS**

28) A determinación das medidas pode ser referida a xenérica do protocolo das consellerías, unha propia do centro ou unha remisión ao Plan de continxencia.

✓ *Se algunha persoa do núcleo familiar convive cunha persoa cun*

*diagnóstico positivo da Covid-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan coa persoa positiva non poderán acudir ao centro, en virtude de ser considerados contactos estreitos. Os conviventes dunha persoa con síntomas compatibles coa Covid (alumno/a ou profesional) que se encontre á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado, pero non será necesario que garden corentena no domicilio, podendo acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo.*

- ✓ Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase un protocolo de actuación previsto con antelación:
  - Levarase a un espazo separado de uso individual.
  - Colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado)
  - Contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.
  - Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo debe seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
- ✓ No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a; os que teñan a consideración de contactos estreitos, os dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen poida ser unha persoa próxima que estea vencellada ao centro educativo. A aplicación xerará unha alerta na Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos.
- ✓ A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica. Tras a aparición dun caso confirmado da Covid 19 seguiranse as instrucións da Autoridade Sanitaria.

### **Escenarios no suposto dos gromos**

- ✓ A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá

ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o

peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade co previsto na "Guía de actuación ante a aparición de casos de COVID-19 en centros educativos", e co "Protocolo de actuación da Consellería de Sanidade en materia de Saúde Pública en relación con illamentos e corentenas para a prevención e control da infección por SARS-Co-V-2" publicada por Orde da Consellería de Sanidade no D.O.G. do 20 de agosto de 2020, cos seguintes supostos:

- Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera alumno, ou profesional do centro educativo, profesor ou outro traballador que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia < 2 metros ao redor do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara; os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento.
- *As persoas que teñan diagnóstico confirmado terán obriga de illamento durante 10 días. As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado deberán permanecer en corentena ata que obteñan o resultado negativo da PCR que se solicitará transcorridos 10 días do último contacto co caso confirmado. Se, polo motivo que fose, pasan 14 días do último contacto co caso confirmado e non se realiza a PCR, a corentena finalizará igualmente.*
- O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula. Aos contactos estreitos realizaráselle unha proba de COVID nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por COVID-19.
- En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo. A medida será proposta pola Autoridade Sanitaria dentro do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia, previsto no punto 10.1 deste protocolo.
- **A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria.**
- *A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación do Plan de Continxencia ante peches aprobado pola Resolución*



*conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021.*

- O período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

29) Deben determinarse as persoas que realizarán as comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa.

As incidencias Covid no centro serán comunicadas ás autoridades sanitarias e educativas pola coordinadora do equipo Covid, ou na persoa na que delegue estas funcións.

**Teléfono do centro 981 592540**

**Correo electrónico:** [direccióngeneral@clunysantiago.es](mailto:direccióngeneral@clunysantiago.es)

[direcciongeneral@sanjosedecolunysdecompostelao365.educamos.com](mailto:direcciongeneral@sanjosedecolunysdecompostelao365.educamos.com)

## **XESTION DAS PETICIÓNS DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE**

30) Canle de petición das solicitudes, de comunicación coa xefatura territorial e de solicitude, de ser o caso de persoal substituto.

Conforme as recomendacións sanitarias para todo o Estado Español os traballadores vulnerables para covid-19 realizarán o seu traballo, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, mantendo sempre as medidas de protección de forma rigorosa.

Poñeranse en coñecemento dos Servicios de Prevención e Saúde laboral, Quirónprevención as condicións dos traballadores e actuarase segundo protocolo e normativa vixente.

### MEDIDAS DE CARACTER ORGANIZATIVO

- 31) Determinación das entradas e saídas, organización das mesmas con horarios de ser o caso. Regulación da entrada de acompañantes do alumnado.  
32) Determinación das portas de entrada e saída, das circulacións no centro educativo, uso de elevadores, núcleos de escaleiras, etc

### ENTRADAS/SAÍDAS

- ✓ Nas entradas, os alumnos teñen un tempo de 15 minutos para ir entrando de maneira gradual.
- ✓ As saídas faranse de xeito escalonado e concretaranse as horas no cadro organizativo de saídas e entradas, tanto de setembro como de outubro-xuño.
- ✓ **As familias deberán ser estritamente puntuais e non retrasarse para evitar aglomeracións nas beirarrúas.**
- ✓ Habílitanse 5 portas para as entradas e saídas dos alumnos.
- ✓ Os acompañantes dos alumnos non poden acceder ás instalacións.

**A: León de Caracas, salón de actos**

**B: León de Caracas, entrada infantil**

**C: San Pedro de Mezonzo, portalón 1**

**D: San Pedro de Mezonzo, portalón 2**

**E: San Pedro de Mezonzo, polideportivo**

**F: A Rosa, portería**



3º 4º EP	Portalón 1 San Pedro de Mezonzo
5º 6º EP	Portalón 2 San Pedro de Mezonzo
1º 2º ESO	Salón de actos León de Caracas
3º 4º ESO	Portería A Rosa/Polideportivo (Sairán e entrarán pola Rúa da Rosa so cando coincidan no horario cos alumnos de 1º e 2º de primaria. De non coincidir, farán a entrada e saída polo polideportivo)



C D E

**Elevadores:** So se usarán de ser estritamente necesario. Unha soa persoa cando se trate de adultos. Respectaranse as normas sinaladas para o seu uso.

Nos corredores estableceranse sentidos de entrada e saída diferentes en ambas marxes do corredor de forma que indiquen a

circulación pola dereita de forma individual respectando a distancia de seguridade, o que estará debidamente sinalizado.

Flexibilízase o horario da última hora lectiva para permitir a saída por tramos horarios. Cos cambios de recreo tómanse medidas similares.

En todo momento o profesorado asignado estará atento e vixiará as entradas, saídas e o mantemento da orde, segundo o calendario establecido para este fin.



33) Previsións sobre a colocación de cartelería e sinalética no centro, coa premisa de que a de prevención prima sobre calquera outra en relación coa súa ubicación.

- ✓ O centro disporá de cartelería informativa nas entradas, corredoiros, escaleiras, elevadores e zonas de recreo que advirta sobre o respecto da distancia de seguridade, sintomatoloxía do COVID 19 e medidas de hixiene social e individual.
- ✓ Nas aulas e aseos reforzarase a información sobre hixiene individual.
- ✓ A cartelería de uso preferente será a subministrada pola administración autonómica ou impresa polo propios centros en tamaño A3 ou superior.
- ✓ Na medida do posible evitárase, para facilitar a limpeza, a colocación de anuncios, collages, murais, ou outro material nas paredes de corredores e aulas.
- ✓ Anunciarase:
  - Aforo de espazos de usos comúns.
  - Sinalización de sentidos de circulación.
  - Sinalización de uso hidroxel
  - Información sobre hixiene e precaución

34) Determinación sobre a entrada e saída do alumno transportado.

O centro non dispón de servizo de autobús.

35) Asignación do profesorado encargado da vixilancia.

Cadros horarios do profesorado e cadros de gardas

### **MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPAS**

36) Previsións en relación co programa de madrugadores ou de actividades previas ao inicio da xornada.

Contratarase novo persoal para separar a alumnos de diferentes idades e dotarase de novos espazos para os distintos grupos de infantil e primaria para garantir a seguridade.

A opción de usar este servizo mediante a opción de vale queda limitada a existencia de aforo.

Os alumnos usarán a máscara a partir de primaria e será recomendada en infantil.

Non poderán compartir material entre eles.

**37) Previsións para a realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor.**

A realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva dentro do recinto do centro educativo, está condicionada á aprobación dun protocolo que se integrará como anexo no "Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021". Dito protocolo determinará as medidas de prevención e protección fronte ao COVID e determinará con claridade as responsabilidades das persoas organizadoras ou xestoras.

Asignaranse postos fixos ao alumnado para todo o curso escolar co obxectivo de realizar unha mellor trazabilidade dos contactos.

Con respecto as actividades deportivas priorizarase a oferta aos cursos inferiores para favorecer a conciliación laboral e familiar.

A realización das actividades extraescolares queda supeditada a existencia do suficiente número de alumnos do mesmo curso. Existirá número limitado do aforo. No mes de setembro determinarase que grupos se poden impartir.

**38) Determinacións para as xuntanzas de ANPAs e Consello Escolar.**

As actividades das ANPAS celebraranse preferentemente por medios telemáticos evitando en todo caso xuntanzas que supoñan un número elevado de persoas.

Os Consellos Escolares celebraranse de xeito telemático.

**39) Previsión de realización de titorías e comunicacións coas familias.**

Nas reunións de titoría e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada. Porén cando a xuízo do titor/a ou da dirección do centro sexa preciso a titoría presencial realizarase esta coas debidas medidas de protección.

Utilizarase como mecanismo de comunicación xeral coas familias a páxina web do centro e a plataforma informática Educamos.

**40) Normas para a realización de eventos.**

Non se realizarán eventos ou celebracións con grande afluencia de persoas. No caso de ter que realizarse, cumpriranse estritamente as medidas de prevención (usos obrigatorio de máscara) e aforos (50 por cento da capacidade) sempre que se permita manter a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas.

#### 41) Medidas para o alumnado transportado

Non aplica

### **MEDIDAS DE USO DE COMEDOR**

42) Establecemento de quendas para o uso do comedor. Determinación dos lugares ocupados polos comensais. Priorización do alumnado sobre o resto do persoal do centro.

- ✓ O alumnado que conforme grupos colaborativos ou grupos estables de convivencia no ensino infantil e no de primaria pode comer agrupado sen respectar a distancia anterior separando os grupos por 1,5 metros un do outro.
- ✓ Cando non sexa posible manter a distancia entre os grupos utilizaranse mamparas de separación (0,60 m)
- ✓ Os alumnos de ESO usuarios de comedor deberán estar separados por 1,5 m metros de distancia, sentados en oblicuo e sempre que non estean encarados. De non poder manter unha distancia de 1,5 m empregaranse mamparas de separación
- ✓ Asignaranse postos fixos durante todo o ano para o alumnado e garantirase a estanqueidade.
- ✓ Poderase establecer unha quenda máis se fose necesario para atender ao máximo número de comensais e flexibilizarse a última hora do horario segundo necesidades
- ✓ A opción de vale para o servizo de comedor queda limitada a existencia de aforo. Pódese suprimir esta opción mentres dure esta situación extraordinaria. Tamén se pode ofrecer a posibilidade de comer un picnic, como alternativa, noutro espazo que se habilitará para esta finalidade.

43) Previsión sobre o persoal colaborador, tendo en consideración que debe de ser o mesmo durante as diferentes quendas.

Os menús serán os utilizados habitualmente segundo a tempada. Os menús

serán servidos en bandexa. Retiraranse as bandexas despois de levantarse os alumnos para evitar contactos.

O persoal colaborador respectará as rateos que correspondan ao número de alumnos/as presentes en cada unha das quendas. O persoal colaborador será o mesmo en cada unha das quendas.

O persoal levará en todo momento máscara e tamén usará pantalla cando teña que axudar a comer aos alumnos que non son autónomos.

#### 44) Previsión sobre o persoal de cociña e a limpeza da mesma.

O persoal de cociña ten a obriga de lavar e desinfectar todo o enxoval, e electrodomésticos e utensilios que se utilicen no proceso de elaboración dos menús.

### **MEDIDAS ESPECIFICAS PARA AULAS E USO DOUTROS ESPAZOS**

45) Realizaranse as previsións que sexan precisas noutros espazos do centro tales como aulas especiais (música, informática, laboratorio,...) ximnasio, salón ou calquera outro espazo de uso educativo. As previsións incluírán as normas de uso e limpeza.

- ✓ Disporanse as mesas escolares aproveitando ao máximo o espazo da aula e separadas por unha distancia de 1,5m desde o centro da cadeira, mirando todas cara o posto do profesor. En ESO, cando o espazo entre o centro das cadeiras sexa superior a 1 m e inferior a 1,5m empregaranse mamparas de sobremesa.
- ✓ Procurarase que haxa a máxima separación posible entre a primeira fila e a zona de traballo do docente (pizarra, pantalla, pizarra electrónica etc.). Retíranse todo o mobiliario que non se vaia utilizar.
- ✓ O alumnado hase situar individualmente.
- ✓ O alumnado gardará o seu material nun lugar diferenciado para evitar contacto co material do resto dos/as compañeiros/as. Recoméndase o uso de estoxos propios e na medida do posible rotulado todo co seu nome. Non se poderá compartir material sen previa desinfección, o mesmo ca os libros de biblioteca, o lapis do encerado interactiva, xiz...
- ✓ Limitarase o movemento na aula e o achegamento do docente ao alumnado. Sinalizarase na medida do posible o sentido de circulación das zonas da clase de maneira que se reduzan ao máximo os cruzamentos entre o alumnado. Minimizarase o uso de aulas específicas para limitar ao máximo os desprazamentos no edificio.

- ✓ No caso das materias optativas, se unha aula é empregada por alumnado de diferentes grupos, desinfectarase tras o seu uso. Ventilarse periodicamente a aula. Esta ventilación hase realizar sempre ao final de cada período lectivo, durante o recreo e ao acabar a xornada. Para o desenvolvemento das clases hase intentar que o alumnado traia o menor número de materiais posibles da súa casa.
- ✓ En todas as aulas é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas. O alumnado traerá un bote de xel para uso persoal.
- ✓ O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia, debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase. Implicárase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns de uso privativo.
- ✓ Onde a materia o permita substituirase o emprego de materiais por simulacións virtuais con medios informáticos co fin de diminuír os contactos co material.
- ✓ As ventás, persianas, luces e dispositivos informáticos serán manipulados polos profesores.
- ✓ Para o alumnado de Educación Primaria extremarase o coidado coa utilización do xel hidroalcohólico, administrando unha cantidade de xel adecuada ao tamaño da man de cada neno/a, informando aos nenos e nenas de que debe ser absorbido antes realizar outras tarefas.

**46) Existirán determinacións específicas para a materia de educación física e música**

No caso da clase de educación física o uso da máscara será obrigatorio agás que se realicen no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica.

Na medida do posible minimizarase o uso de materiais que teñan que ser usados por varios alumnos e procurando a súa limpeza e desinfección despois do seu uso ou a realización de hixiene de mans. Coidarase especialmente do uso da máscara nos ximnasios ou polideportivos pechados con ventilación reducida.

**47) Regularase o proceso de cambio de aula ou a visita á aula especial ou espazos de uso educativo.**

- ✓ Na medida do posible, mediante a asignación de grupos ou de horarios, a norma xeral é que o alumnado non cambiará de clase agás nos supostos excepcionais.
- ✓ Con carácter xeral, o alumnado debe permanecer no seu sitio durante os cambios de clase.



- ✓ No caso de ter que trasladarse a outra aula, avisarase ao profesor anterior para que finalice a súa clase 5 minutos antes, de xeito que poida organizar a saída paulatina do alumnado. A saída será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade. Agardarán polo/a profesor/a á entrada da nova aula en ringleira de 1 gardando a distancia de seguridade, evitándose a formación de aglomeracións de alumnado.

48) As persoas responsables da biblioteca establecerán unhas normas de uso acomodadas as xerais establecidas no protocolo.

O Espazo da biblioteca será utilizado como clase alternativa para poder respectar a distancia de separación de 1,5m.

O equipo da biblioteca establece un lugar alternativo (aula de ESO) para facilitar o préstamo de libros.

49) Poderanse asignar grupos de aseos a alumnado de etapas educativas con carácter exclusivo en atención á realidade do centro

Os aseos están diferenciados para os cursos de infantil, primaria e ESO. En aqueles aseos que están en zonas común limitarase o aforo e indicarse na porta do mesmo. Se establece un mecanismo de control de entrada nos aseos e en caso de exceder o aforo esperarase fóra nas zonas indicadas.

Durante os recreos e nas entradas e saídas do centro haberá profesorado de garda vixiando o aforo dos aseos e garantindo que se cumpre a distancia nas ringleiras de entrada e saída.

No caso de alumnado da etapa de infantil ou con NEE, o persoal coidador que acompañe ao alumnado ao aseo deberá portar as proteccións individuais axeitadas.

### **MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA OS RECREOS**

50) As determinacións sobre o horario do recreo, os espazos, de ser o caso incluso as divisións dos mesmos, e do uso e orde no recreo realizarase no plan con asignación de espazos a grupos ou niveis e coas previsións propias para os grupos estables de convivencia.

- ✓ Divídense o patio e a pista do polideportivo para establecer zonas nas que podan estar os grupos de aula.
- ✓ Priorizaranse os recreos no exterior pero se é necesario terán lugar nas aulas.
- ✓ Flexibilízase o horario para facilitar a seguridade nas subidas e baixadas e permitir que os alumnos disfruten do recreo nun espazo aberto.

### **INFANTIL (11:00h)**

a) Se o tempo meteorolóxico o permite:

Establécense espazos diferenciados no patio para cada un dos tres cursos de infantil e non estarán en contacto co resto do centro. Cada zona dividirase en dúas para manter a estanqueidade do grupo.

b) En caso de precipitación estarán na aula.

**Zona C:4º infantil**

**Zona B: 5º infantil**

**Zona A 6º infantil**



### **PRIMARIA:**

**1º, 2º PRIMARIA(11:00h)**

Establécense espazos diferenciados no polideportivo para cada un dos grupos.

**3º, 4º, PRIMARIA (11:30h)**

Se o tempo meteorolóxico o permite:

Establécense espazos diferenciados no patio e no polideportivo para cada un dos cursos. Cada zona dividirase en 2 para illar cada grupo. Regularmente intercambiarán o espazo con 3º ciclo de primaria.



**5º e 6º PRIMARIA (11:30h)**

Establécense espazos diferenciados no patio e no polideportivo para cada un dos cursos. Cada zona dividirase en 2 para illar cada grupo. Regularmente intercambiarán o espazo con 2º ciclo de primaria.

En caso de precipitación establécense unha quenda para baixar ao polideportivo, o resto dos grupos permanecen na aula.

**SECUNDARIA:**

Se o tempo meteorolóxico o permite:

**ESO 1º, 2º/ 3º e 4º (12:00h).** Espazos diferenciados no patio e no polideportivo, alternando como en primaria.

En caso de precipitación establécense unha quenda para baixar ao polideportivo, o resto dos grupos permanecen na aula.

<b>Zona A: 5º, 6º, 3º 4º DE ESO</b>
-------------------------------------

<b>Zona B: 3º e 4º EP; 1º e 2º de ESO</b>
---

51) Nas determinacións figurarán os criterios para a asignación do profesorado de vixilancia. Existirá un cadro que defina os horarios dos grupos de convivencia estable
--

Cadro con horarios e asignación de gardas.

Vixiarase especialmente que os alumnos dun grupo estable non interactúen con outros grupos. Prestarase especial atención as entradas, saídas e acceso aos aseos.

### MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL

52) Inclúranse previsións sobre a metodoloxía na aula, o uso de baños que estean situados na mesma. Tamén figurarán determinacións sobre o traballo en recantos e de uso do material da aula.

- ✓ Reducírase o traballo de mesa simultáneo de gran grupo.
- ✓ Iniciarase a xornada con accións nas que se traballe a lembranza das normas de hixiene e seguridade.
- ✓ Para o xogo en recantos (ambientes) delimitárase e organizárase o seu uso de xeito individual, garantindo a desinfección posterior ao seu uso, tanto do espazo e como dos materiais. Estes materiais non serán de moitas pezas e serán de fácil desinfección.
- ✓ Aconséllase eliminar xoguetes ou obxectos que non sexan estritamente necesarios.
- ✓ *1. Para o alumnado de 2º ciclo de Educación Infantil, restrinxírase o uso do xel hidroalcohólico e priorízase o uso de auga e xabón ou outros tipos de solucións xabonosas. Nos grupos de idade ata os 7 anos, deberáse prestar especial atención por parte dos coidadores á aplicación do xel por parte do alumnado.*

53) A maiores das previsións xerais sobre recreos existirá unha previsión específica para os xogos e actividades a realizar no tempo de recreo. Inclúrase unha previsión sobre o tempo de merenda.

A merenda realízase de xeito individual en grupos colaborativos e en espazos diferenciados. No caso de ser posible no patio exterior para garantir o distanciamento sempre que o tempo o permita.

### MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA USO DE LABORATORIOS E TALLERES DE FORMACIÓN PROFESIONAL

54) Nas previsións de uso destes espazos deberá detallarse o uso e hixiene dos elementos e ferramentas que poidan ser utilizadas por varios/as alumnos/as e protocolízase en función das diferentes ensinanzas os detalles de utilización do equipamento e a necesidade dun recordatorio continuo dos protocolos de prevención.

Non aplica

### MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE NEE

55) O equipo COVID, en colaboración co seminario de orientación establecerá as medidas concretas en relación coa diferente tipoloxía de alumnado con NEE.

56) Particularizaranse as tarefas e medidas que o persoal docente e coidador debe de extremar en relación co alumnado. As medidas serán obxecto de seguimento continuo para a súa adaptación a cada circunstancia.

- ✓ O persoal que preste atención a este alumnado valorará o emprego de pantallas/viseiras no caso de que o alumnado non poida facer uso das máscaras e a súa atención requira no respectar a distancia de seguridade
- ✓ No caso de que o alumnado non teña autonomía, organizarase o acompañamento deste nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo, así como na hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, cambio de aula e de actividade, despois de ir ao baño, tras esbirrar ou tusir, antes e despois de comer e naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía.
- ✓ Asignarase un aseo no centro no que se intensificará a limpeza e a desinfección como medida de prevención de risco
- ✓ O departamento de orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención.

## **PREVISIÓNS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO**

57) Para as reunións de profesorado, uso da sala de profesores e departamentos estableceranse as medidas que sexan oportunas en función do número de persoas e aforos dispoñibles

As reunións con profesorado faranse preferiblemente por medios telemáticas. Para reunións de 10 persoas ou menos, pódense realizar de forma presencial, sempre gardando alo menos 1,5 metros de distancia interpersonal de seguridade e usando a máscara.

As salas de profesores, como as aulas comúns contarán con aforo restrinxido e indicarse na entrada ás mesmas.

Haberá unha máquina de vending nunha zona común que deberá ser desinfectada polo seu usuario antes e despois de cada uso.

O profesorado terá a súas disposición o material hixiénico e preventivo necesario como máscaras, xel, pantallas e líquido desinfectante.

58) O centro incluirá previsións para acomodar ás situacións máis seguras a reunión dos órganos colexiados do centro, mediante o uso de ser o caso de ferramentas de comunicación a distancia.

Cando sexa posible, para as reunións de calquera órgano colexiado do centro, utilizarase preferiblemente as reunións de forma telemática mediante a ferramenta Teams. As reunións presenciais cun número reducido faranse nun espazo que permita cumprir as medidas de protección.

### **MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO**

59) Formación e información a toda a comunidade educativa. Previsión das actividades que ao longo do curso se realizará co alumnado e unha previsión xeral do carácter transversal da prevención e hixiene fronte ao SARS-CoV-2.

O centro asegurará que todos os membros da comunidade educativa coñecen os protocolos e a medidas de seguridade e prevención.

As familias serán informada a través das distintas canles de comunicación: Educamos, páxina web, redes sociais.

Potenciarase o uso de infografías, carteis e sinalización que fomenta o cumprimento e comprensión das medidas de prevención e hixiene. Serán actualizados se cambian as indicacións sanitarias.

Deseñaranse e implementaranse actividades transversais de educación para a saúde que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte a Covid-19, para facer do alumnado axentes activos na mellora da saúde da comunidade educativa.

Desenvolveranse iniciativas innovadoras para dinamizar e promover hábitos de vida activa e saúdable no centro, atendendo a dous aspectos:

- a) Hábitos de alimentación saúdable.
- b) Vida activa que inclúa a actividade física no día a día e ao longo da vida.

60) O Plan regulará a difusión da información das medidas de prevención e a distribución das medidas e comunicacións que realice a Consellería de Sanidade e a de Educación. Así mesmo en colaboración co centro de saúde de referencia incluirá posibles charlas do persoal sanitario sobre a prevención e protección. Establecerase a información que será de uso obrigado na web do

centro.

Informarase das medidas de prevención e das comunicacións da autoridades sanitarias e educativas a través da canles de comunicación do centro: Educamos, redes sociais e web

#### 61) Educación virtual.

- ✓ O alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, recibirá pautas educativas e tarefas a través de Educamos e da aplicación Teams.
- ✓ O equipo de profesores deseñará e adaptará as programacións en setembro de maneira que contemplan o ensino presencial e o ensino virtual, de darse unha situación de corentena ou confinamento.
- ✓ O profesor coordinador de TICs do centro formará e asesorará aos docentes no uso das novas tecnoloxías.
- ✓ Os titores/profesores procurarán dar unha formación básica aos alumnos no uso da plataforma Educamos e da aplicación Teams, de xeito que estean preparados para seguir as clases virtuais.
- ✓ Identificarase o alumnado que teña dificultades para seguir a ensinanza telemática e incluíranse mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar a formación e o seguimento continuo do curso polo alumnado.

62) O plan poderá conter aquelas previsións existentes no documento de "instrucións de inicio de curso" aprobadas pola Dirección Xeral que teñan relación coas medidas de adaptación ao contexto da COVID-19 e que deban ser coñecidas polo conxunto da comunidade educativa.

Ver documento.

63) O "Plan de adaptación á situación COVID-19" é un documento público do centro que estará a disposición das autoridades sanitarias e educativas e poderá ser consultado por calquera membro da comunidade educativa. Será obxecto de difusión.